



O MEU APLAUSO É PARA...

Non cabe dúbida de que nestes días tan duros que estamos a vivir hai moita xente que merece os nosos aplausos. Hoxe quero dedicar o meu aplauso a todas aquelas persoas que traballan arreo para fabricar máscaras, batas, e todo tipo de materiais que agora mesmo son imprescindibles non só para os profesionais sanitarios, senón tamén para os cidadáns en xeral para poder protexernos deste virus e saír desta situación o mellor posible. ¡Moitas grazas! O meu aplauso vai por vós, pola vosa solidariedade.

